

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 3 DE XULLO DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros(CIM)

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González(CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal(CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena(CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don José María Laya Carri I(CIM)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas e cinco minutos do día tres de xullo de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o alcalde don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez , don José María Laya Carril, don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste o concelleiro don Antonio Medín Pena.

Está presente a Interventora municipal D^a Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, a secretaria accidental dona Luz Marina Pérez Somorrostro. .

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior correspondente ao día 26 de xuño de 2006, queda aprobada por unanimidade.

No mesmo acto queda aprobada por unanimidade, a acta da sesión de 15 de xuño de 2006, non habendo observacións a destacar.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.-

Por acordo do Pleno da Corporación de 15/06/06 aprobáronse as condicións para a concertación dunha operación de préstamo, con previa apertura de crédito, por importe de tres millóns setecentos vinte cinco mil douscentos con setenta e seis con cincuenta céntimos de euro (3.725.276,50 €), para o financiamento de investimentos previstos e non previstos no orzamento económico do exercicio 2006 do Concello de Miño.

Enviáronse solicitudes de ofertas a tódalas entidades financeiras con sucursales abertas no municipio e ó Banco de Crédito Local, e no prazo para a presentación de ofertas que rematou o pasado día 24 de xuño, recibíronse ofertas das seguintes entidades: Banco Pastor, Caixa Galicia, Banco Santander Central Hispano e Banco de Crédito Local, que de seguido se describen:

- a) O Banco Pastor propón un diferencial de 0,15 puntos sobre o Euribor a tres meses e sen límites máximos nin mínimos. (Tipo de 3,15%).
- b) Caixagalicia propón un diferencial de 0,25 puntos porcentuais sobre o Euribor a tres meses, con un tipo mínimo de 2,95% e un máximo do 6%. (Tipo de 3,25% con floor de 2,95% e cap do 6%.

c) O BSCH ofrece un préstamo máximo de 1.500.000,00 euros coas seguintes condicións:

1º.- Tipo de xuro variable: oferta un diferencial de 0,18% sobre o Euribor a 90 sen límite máximo e mínimo durante o período de carencia. Durante o período comprendido entre o 01/07/08 e 01/07/14 E90+0,18% cun límite mínimo de 3,90% e un límite máximo de 5,25%. A partir do 01/07/14, E90%+0,18%.

2º.-Tipo de xuro mixto: Durante o período de carencia (do 01/07/06 ata o 01/07/08) E90+0,18%, e a partir do día 01/07/08 un tipo fixo de 4,65%.

Durante o período de vixencia do tipo fixo, a cancelación anticipada total ou parcial do capital pendente realizaríase a tipo de mercado.

Non obstante, debe matizarse que segundo se informa na oferta o tipo fixo é orientativo e está calculado en función das condicións do mercado vixentes no momento actual polo que podería verse modificado á alza ou baixa en función da variación dos activos ata o momento do peche da operación.

d) O Banco de Crédito Local ofrece un préstamo máximo de 2.000.000,00 € coas seguintes condicións: un diferencial de 0,15% sobre o E90 cun límite mínimo e máximo(collar) opcional de 3,60% e 5,98% respectivamente.

Vista a proposta da Alcaldía e o informe da Interventora municipal, ambos unidos ao expte. da súa razón, e de acordo co TRLHL que establece que para a financiación dos seus investimentos as Entidades locais poderán acudir ó crédito público e privado a medio e longo prazo en calqueira das súas formas e con toda clase de Entidades de Crédito.

E á vista das ofertas presentadas polas entidades, e segundo se informa pola Intervención municipal, as alternativas que se presentan ao Concello son dúas:

1ª.- Concertación da operación polo 100% do importe solicitado, esto é, 3.725.276,50 €, en cuio caso habería que ter en consideración as ofertas presentadas polo Banco Pastor e Caixagalicia.

Estimando que o Banco Pastor oferta un E90+0,15% sen límites mínimos nin máximos e Caixagalicia oferta un E90+0,25% cun límite mínimo de 2,95% e máximo de 6%.

Neste caso, e sendo coherentes coas condicións fixadas inicialmente nas bases que rexen a concertación desta operación, a pesar de que o diferencial ofertado por Caixagalicia é superior en 0,10% puntos porcentuais, sen embargo esta ofrece un límite mínimo de 2,95% e un máximo de 6%. Con esta opción poderíamos asegurarnos un tipo fixo dun 2,95% para o caso de que o E90 fora inferior, e para o suposto de que fora superior habería que sumarlle un diferencial de 0,25% cun límite máximo do 6%.

Tendo en conta o incremento experimentado polo E90 no último ano alcanza nestes intres un 42% e tendo en conta as previsións alzistas de incremento dos tipos de xuro que se auguran así como o período de vida da operación, isto é, 24 anos a posición máis prudente para o concello sería garantir un tipo máximo do 6%.

2ª.- Concertación parcial do importe solicitado. Tendo en conta as valoracións as ofertas presentadas polo Banco de Crédito Local e BSCH.

A oferta presentada polo BCL na modalidade de E90+0,15%, collar: 3,60%-5,98% presenta as condicións económicas máis ventaxosas tanto polas condicións

ofertadas como pola cantidade a que ascendería a operación e todo elo debido os criterios de selección fixados nas condicións establecidas. A oferta presentada polo BSCH a tipo variable sería mellorada polo BCL tanto no referente ó importe da operación como no referente ó diferencial sobre o E90 así como nos límites máximos e mínimos sobre o E90.

O BSCH tamén presenta outra oferta a tipo mixto de E90+0,18% durante o periodo de carencia e a partir do 01/07/08 un tipo fixo orientativo de 4,65% que podería oscilar á baixa/alza en función das condicións do mercado.

A vista do anteriormente exposto, sométense a votación as dúas alternativas, resultando elegida a primeira alternativa, que responde a CONCERTACIÓN DA OPERACIÓN POLO 100%, isto é 3.725.276,50 €, coa Entidade de Caixa Galicia coas seguintes condicións: E90+0,25% con floor de 2,95% e cap do 6%, por entender é a máis ventaxosa para o concello, co resultado de once votos a favor dos asistentes e a abstención do concelleiro da CIM, José María Laya Carril.

Asemade decidese dar traslado do contido deste acordo a Entidade adxudicataria así coma a tódalas Entidades que presentaron ofertas e constan no expte. da súa razón .

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e coarenta minutos redactándose a presente acta, do que eu, a secretaria accidental, dou fe.

O presidente,

A secretaria acctal. ,